

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 21 de novembro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

D. GASPAR GONZÁLEZ SOMOZA

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 21 de novembro de 2018 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesións anteriores, de data 24 de outubro e 7 de novembro de 2018, que se aprobaron por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. Manuel Chorén Falcón en representación de COM. PROP. SAN ROQUE 6, para impermeabilización de terraza en edificio de vivendas sito na Rúa San Roque nº 6 (Ref. Cat. 9559803NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 509/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Padín Cores en representación de COM. PROP. BAJOS COMERCIALES ALEJANDRO CERECEDO, para reparación dos falsos teitos en zonas común no edificio sito na Rúa Alejandro Cerecedo nº 8 (Ref. Cat. 9358001NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 705/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Carina Jamardo Torrado en representación de COM. PROP. ALVARO CUNQUEIRO 6 VIVENDAS, para impermeabilización de terraza no edificio de vivendas sito na Rúa Alvaro Cunqueiro nº 6 (Ref. Cat. 8753607NH1185S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 748/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Angel Martín Cuesta en representación de MERCADONA S.A., para reparación de pavimentación exterior de parcela na Rúa López Cuevillas nº 3 (Ref. Cat. 9156005NH1195N0001GG)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola

Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 670/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Joaquin Ferro Diz, en representación de D. Stanley Dahl, para renovación interior de piso sito na Rúa Lucena nº 17 ático C – Carril (Ref. Cat. 8682010NH1188S0007WU).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 713/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Rita Espiñeira Silva-Pando, para obras varias en piso sito na Rúa Santa Eulalia nº 4-6º Dta. (ref. Cat. 9559805NH1195N0020BT).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 749/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Carmen Duro Cancela, para acondicionamento de local para uso perruquería na Rúa Fariña Ferreño nº 22 Bx. C-D (REF. CAT. 9458603NH1195N0023MI).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 753/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jacobo Oubiña Otero, para reforma de cociña en vivenda sita na Rúa Fermín Bouza Brey nº 12-5º A (Ref. Cat. 8752514NH1185S0045JT).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 760/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Sergio Punín García, para acondicionamento interior de local para bar na Rúa Duque de Rivas nº 1 Bx. 1 (Ref. Cat. 9461307NH1196S0001IJ)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 761/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Javier Álvarez Bustamante, para obras varias en piso sito na Rúa Vicente Risco nº 1-1º Esda. (Ref. Cat. 9359601NH1195N0007IZ) .

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 758/18)

Dáse conta da comunicación previa presentada con data 20/08/2018 (R.E. WEB 2018002005) por Dna. Sandra Diz Señorans, para instalación de toldo na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 14-4º G , e visto o informe xurídico ao respecto, infórmase favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada ao tratarse dunha actuación sometida a licenza, o cal xa foi comunicado á interesada, constando no Concello a presentación da solicitude de licenza para a devandita actuación. (Expte. 559/18)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Inés Cecilia Ortíz Henao, para instalación de toldo no baixo sito na Avda. da Mariña nº 62 (Ref. CAAt. 9363804NH1196S0001LJ). (Exp. 535/18)

Informar favorablemente a solicitude de D. Javier Fajardo Diz, para instalación de entrada de carruaxes na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 60 bx., debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90º, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunicáselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 624/18).

Informar favorablemente a solicitude de D. David Gonzalo Mulet, para instalación de entrada de carruaxes na Rúa do Colexio nº 21 - Carril, existindo beirarrúa de un metro e oitenta centímetros de anchura, con rampa sobre a mesma ebordelo rebaixado.

Comunicáselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 666/18).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Anido Herranz, para arranxo de fachadas laterais no edificio sito na Rúa Victor Pita nº 12 – Sobradelo (Ref. Cat. 7756025NH1175N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprarán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprarán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprarán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 677/18).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a Mercedes Pérez Arca, para acometida e conexión á rede municipal de auga para o servizo de obra na Rúa Carbón nº 33 – Bamio (Ref. Cat. 1009817NH2210N0001PU), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Expte. 708/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Wei Wang, para acometida e conexión á rede municipal de auga para servizo de obra na Rúa Salgueiros nº 6 (Ref. Cat. 651521NH1185S0001QL), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x

40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.

- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 740/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Raquel Vallejo Labrador en representación de NEDGIA GALICIA SDG S.A., para obras de acometida na rede de canalización de gas na Avda. Xoan Carlos I, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

4. Reposicións

Beirarrúa

O titular deberá repoñer ao seu cargo os elementos afectados pola obra, restituíndo os mesmos as condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e estética.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras "vinculadas" a licenza de obra concedida.

5. AUTORIZACION SECTORIAIS

CUMPRIRASE ESTRITAMENTE O ESTABLECIDO NA AUTORIZACIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO (A362018/0104-II).

6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

7. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

8. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 70/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Roberto Gerpe Oliveira, en representación de GERPEABALO S.L., para legalización de toldos ríxidos en fachada de local comercial sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 29 bx. (Ref. Cat. 9363305NH1196S) (Expte. 39/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Irene Diz Piñeiro en representación de IRIÑA ARTESANOS S.L., para pintado de local comercial e reposición de rótulo na Rúa A Baldosa nº 20 bx. (Ref. cat. 9261413NH1196S0001OJ) .

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumpriran as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

En calquera caso, respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 429/18).

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Raquel Vallejo Labrador en representación de NEDGIA GALICIA SDG S.A., para obras de acometida na rede de canalización de gas na Avda. Cambados nº 123, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

4. Reposicións

Beirarrúa

O titular deberá repoñer ao seu cargo os elementos afectados pola obra, restituíndo os mesmos as condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e estética.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras "vinculadas" a licenza de obra concedida.

5. AUTORIZACION SECTORIAIS Puede verificar integridad de este documento en <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/GBGG5EKB059FS91S>

CUMPRIRASE ESTRITAMENTE O ESTABLECIDO NA AUTORIZACIÓN POLA C.I.V. DA XUNTA DE GALICIA (IF205Z 2018/000203-4)

6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

7. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou

calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

8. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 431/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Sergio Otero Nieto en representación de Dña. Inmaculada Concepción Fernández Sanmartín, para construción de galpón na Rúa Caravel nº 3, de conformidade coa documentación técnica presentada, asinada polo arquitecto D. Sergio Otero Nieto e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 472/18).

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Miguel Angel Estévez Pérez en representación de D. Fermín Loureiro González, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Benitiño nº 5 (Ur. Miramar), de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. D. Miguel Angel Estévez Pérez (sen visado colexial), documentación complementaria achegada. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano.
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vienda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,00 m.; 25%
4. Orzamento de execución material: 100.892,50 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 7854006NH1175S0001QG
6. Técnicos directores das obras:
 - Arquitecto D. Miguel Angel Estévez Pérez
 - Arquitecto Téc. D. Manuel Taboada Acebedo
 - Director das obras D. Miguel Angel Estévez Pérez
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello. De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentarse:

 - Proxecto de execución debidamente visado.
 - Estudo de seguridade e saúde no que aparecerá reflectida a situación do guindastre, as súas características técnicas e o barrido da pluma.
 - Oficio de coordinador de seguridade e saúde.

Dése traslado ao Departamento de Rendas ós efectos da facturación do ICIO, xa que non consta no expediente. (Expte. 302/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Bibiana Mouriño Conde en representación de ENTRE PELOS Y PATAS CB., para acondicionamento de local para aseo de mascotas na Rúa Arcebispo Andrade nº 15 – Bx., de conformidade co proxecto básico redactado polo Arquitecto Técnico D. Jose Antonio Gago Torrado e documentación complementaria achegada.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse Oficio de Dirección das obras, así como Ficha de Estatística da Edificación e Vivenda por canto non consta no expediente administrativo.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. (Expte. 303/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Isidoro Márquez Tiscar en representación de ISIORO MARQUEZ S.L, para legalización de obras de acondicionamento de local para cafetería na Rúa Arcebispo Lago nº 14 Bx. D., de conformidade co proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto D. Julio L. de Miguel Castro, visado coa data de 27/07/2017 e documentación complementaria achegada.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, debendo adxuntar:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Informe acústico de conformidade coa normativa establecido polo Decreto 106/2015, do 9 de xuño, de contaminación acústica.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Deberá cumprir as condicións indicadas na Resolución de Patrimonio Cultural de data 19.03.2018. (Exp. 217/17)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Begoña Saborido Piñeiro para o inicio e desenvolvemento da actividade de DESPACHO DE ABOGADO na Pza. de Galicia nº 19-3º. (Expte. ACTINOC/2018/000063)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.